



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de funcionaria de carreira, praza de técnica de administración xeral do Concello de Culleredo, grupo A1

ANUNCIO

Nomeamento de funcionaria de carreira, praza de técnica de administración xeral do Concello de Culleredo, grupo A1, nivel 24, mediante oposición libre.

Por resolución núm. 1249 do sr. Alcalde de data 14 de maio de 2026 resolveuse o seguinte que en extracto di:

*"Primeiro.- Nomear a Dna. Rosalía Suárez Sánchez, con documento nacional de identidade núm. ***7364**, funcionaria de carreira, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A1.*

(.../...)

Segundo.- Asignar a Dna. Rosalía Suárez Sánchez o posto de técnica/o administración, código RPT vixente EF.1.1.03.

Terceiro.-A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP da Coruña.

Cuarto.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Tribunal de Instancia do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa-. Con todo, e para o caso de Administracións Públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

O que se publica para coñecemento xeral.

Culleredo, 20 de maio de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2026/3356